

#### 4.- Artigo cuarto

1.En virtude do artigo 73.1 da Lei Reguladora das Facendas Locais aplicarase unha bonificación do 50% na cota integra do imposto, sempre que así se solicite polos interesados antes do inicio das obras, para os inmobles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a esta e non figuren entre os bens do seu inmovilizado.

O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá dende o período impositivo seguinte a aquel en que se inicien as obras ata o posterior a terminación destas, sempre e cando durante este período se realicen obras de urbanización ou construción efectiva, e sen que, en ningún caso poida exceder dos tres períodos impositivos.

2.En virtude do artigo 74.4 da Lei Reguladora das Facendas Locais, os suxeitos pasivos que teñan recoñecida a condición de familia numerosa, acreditada coa presentación do título oficial expedido polo organismo competente e terá unha vixencia igual ó citado título, gozarán das bonificacións seguintes:

| CATEGORIAS FAMILIA NUMEROSA | BONIFICACIÓNS |
|-----------------------------|---------------|
| Categoría 1ª                | 50 %          |
| Categoría 2ª                | 90 %          |
| Categoría honra             | 90 %          |

#### Disposición final primeira.-

O presente texto refundido da Ordenanza fiscal nº1 reguladora do imposto de bens inmobles (IBI) recopila a ordenanza inicial aprobada no ano 1989 (por acordo plenario de data 28/09/1989, publicada no BOP de data 16/01/1990) e as sucesivas modificacións dos anos 2003 (por acordo plenario de data 27/03/2003, publicada no BOP de 14/05/2003), 2004 (por acordo plenario de data 25/11/2004, publicada no BOP de 28/01/2005), e esta última modificación do ano 2016”

Guitiriz, 14 de xuño de 2016.- A ALCALDESA, Regina Polín Rodríguez

R. 1837

## LUGO

### Anuncio

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 8 de xuño de 2016, adoptou o acordo núm. 14/373 **CONTRATACIÓN MEDIANTE LOTES DUN SERVIZO DE COCIÑA, COMEDOR E LAVANDERIA PARA AS ESCOLAS INFANTIS MUNICIPAIS “SERRA DE OUTES” (LOTE 1) E “GREGORIO SANZ” DO CONCELLO DE LUGO (LOTE 2). EXP. 10-2016**

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

#### 1.- Entidade adxudicadora.

a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.

b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

#### 2.- Obxecto do contrato.

a) **Descrición do obxecto** É a prestación dun servizo de cociña, comedor e lavandería nas escolas infantis municipais Serra de Outes ( lote 1) e Gregorio Sanz, ( lote 2) segundo as prescricións técnicas elaboradas pola pedagoga municipal de Educación do Concello.

#### 3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) **Tramitación:** ordinaria

b) **Procedemento:** aberto

4.- **Tipo de licitación:** O prezo dos contratos para a primeira anualidade (prezo de licitación) ascende a:

- **LOTE 1 Servizo de cociña, comedor e lavandería na Escola Serra de Outes:** 44.211,76 € máis o 10% IVE - 4.421,17- resultando un total de **48.632,93 euros (IVE incluído)**

- **LOTE 2 Servizo de cociña, comedor e lavandería na Escola Gregorio Sanz :** 44.211,76 € máis o 10% IVE - 4.421,17- resultando un total de **48.632,93 euros (IVE incluído)**

O valor estimado total do contrato tendo en conta a duración dos contratos incluídas as prórrogas e a existencia de lotes ascende á cantidade de **353.694,04 euros.**

5.- **Garantías:** definitiva 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE.

#### 6. Condicións especiais de execución:

**Obtención de documentación e información.**

a) **Entidade:** Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197.

c) **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

d) **Teléfonos:** (982) 29-73-01, 29-71-45.

e) **Telefax:** (982) 29-72-59.

f) **Dirección internet:** www.lugo.gal (perfil do contratante)

g) **Data límite de obtención de documentos e información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

**7.- Requisitos específicos do contratista.**

a) **Outros requisitos:** Os sinalados no prego de condicións

**8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.**

a) **Data límite de presentación:** O prazo de presentación de proposicións será de **quinze días naturais** contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincida en sábado ou festivo prorrogarase ó seguinte día hábil.

b) **Documentación que hai que presentar:** A que figura na cláusula décima do prego de condicións.

**c) Lugar de presentación:**

1ª **Entidade:** Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares establecidos no prego de condicións.

2ª **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197

3ª **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

**9.- Apertura das ofertas.**

a) **Entidade:** Concello de Lugo

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)

c) **Localidade:** Lugo

d) **Data:** ó segundo día natural ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

**10.- Outras informacións:** As que se recollen no prego de condicións.

**11.- Gastos dos anuncios:** 73,71 euros que serán por conta do adxudicatario.

Lugo, 16 de xuño de 2016.-A ALCALDESA, P.D. TENENTA-ALCALDE DA AREA, ( Decreto nº 15010037), Ana Prieto Nieto

R. 1848

---

*Anuncio*

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 08 de xuño de 2016, aprobou a forma de adxudicación mediante procedemento aberto para

**Á CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA NOS CENTROS DE CONVIVENCIA MUNICIPAIS DO CONCELLO DE LUGO (EXPEDIENTE 6-2016).**

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

**1.- Entidade adxudicadora.**

a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.

b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación e Patrimonio.

**2.- Obxecto do contrato.**

a) **Descrición do obxecto:** é a prestación do servizo de vixilancia e seguridade nos Centros de Convivencia municipais do Concello de Lugo adscritos aos Servizos Sociais

O presente contrato divídese nos seguintes lotes:

- Lote 1: Servizo de vixilancia e seguridade no Centro de Convivencia Fingoi